



Museo
do Pobo
Galego



IEI
instituto de
estudios das
identidades

Paredes, Vilaboa - Pontevedra, 2013
Informante: Felicia Insuela de Fofe
Compilador: Guillermo Ignacio Costa
Transcripción da letra: Guillermo Ignacio Costa

I-antr'a silva silvareira
 i-agua de verde ha nacer-e
 menina qu'está na fonte
 dáme acá de beber-e

I-a pedriña pedrexada
 tocadiña i-o amor-e
 cal será i-a más dichosa
 que dá i-agua a este señor-e

Ai que agua tan sabrosa,
 ai que copo tan precioso
 oh que linda rosa esta
 s'inda non tivera esposo

I-esta rosa qu'aquí está
 resulta por vida vosa
 esta rosa que aquí está
 xa é doutro, non é vosa

Eu ben sei que non é miña
 inda pode vir a ser

I-a palabra está ben dita
 meu amor, ben a dixeche
 se non sabe-lo camiño
 volta por donde viñeche

I-o camiño d'onde vin
 vén o vexo derd'aquí
 inda espero de levar
 esta rosa ó par de ti

Esta rosa ó par de ti
 nin a levas ni a vitareis (?)
 volta per ca outro día
 que resposta levareis

Non volto per ca outro día
 nin ghasto soles de balde
 nin quero cousas á forza
 sin ser da túa vontade

Non ghastes soles de balde
 que che custa o teu diñeiro
 inda te podes ghabar-e
 que foche tu o primeiro



Museo
do Pobo
Galego

Ben sei que fun o primeiro
ben sei que fun inorante
i-arrepemd'ese corpiño
e tiráteme de diante

Ai de min qu'estou rendida
todo canto pode ser
manda chamar nosos pais
e trata de me manter



instituto de
estudos das
identidades